



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Xefatura Territorial de Pontevedra - Sede Vigo
Servizo de Orientación e Promoción Laboral

Edificio Administrativo da Xunta de Galicia
Concepción Arenal, 8, andar 2
36201 Vigo
Sección Obradoiros de Emprego
Teléfonos: 986 817 033 // 986 817 022



**BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO DO
OBRADOIRO DE EMPREGO "MAIV GARANTIA XUVENIL 2017".**

Primeira.- OBXECTO.

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto no artigo 11º da orde do 29 de marzo de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no fichero do Sistema Nacional de Garantía Xuvencial, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (DOG 10-04-2017) a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección dos que serán contratados como persoal directivo, docente e de apoio do citado proxecto, promovido pola **MANCOMUNIDADE DE VIGO** e subvencionado pola antedita consellería.

A DATA LÍMITE DE INICIO do proxecto será o **30 de setembro de 2017**.

AS PRAZAS que se convocan son:

- a) Experto/a docente **XESTIÓN DE MARKETING E COMUNICACIÓN** Xornada: completa
b) Experto/a docente en **OPERACIÓNS DE GRAVACIÓN E TRATAMENTO DE DATOS E DOCUMENTOS** Xornada: completa
c) DIRECCIÓN..... Xornada: completa

Unha vez iniciado o proxecto, con carácter xeral, procederase á contratación (a tempo parcial) de:

- Docente de Alfabetización informática.
- Docente de Sensibilización Ambiental.
- Docente de Prevención de riscos laborais.
- Docente de Orientación, información profesional e formación empresarial.
- Docente de Educación Básica.
- Docente de Sensibilización en Igualdade de xénero.

Todos os docentes de materias complementarias estarán suxeitos ao disposto nas presentes bases, coas salvidades previstas.

Segunda.- FUNCIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO.

As funcións que corresponden aos postos de traballo obxecto desta convocatoria son:

- DIRECCIÓN:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Xefatura Territorial de Pontevedra - Sede Vigo
Servizo de Orientación e Promoción Laboral

Edificio Administrativo da Xunta de Galicia
Concepción Arenal, 8, andar 2
36201 Vigo
Sección Obradoiros de Emprego
Teléfonos: 986 817 033 // 986 817 022



UNIÓN EUROPEA

- a) Xestión e supervisión económica, formativa e de obra do proxecto segundo a normativa vixente.
- b) Coordinación xeral do obradoiro de emprego e control dos medios humanos e materiais ao seu cargo.
- c) Planificación e seguimento do proxecto.
- d) Coordinar a acción educativa do equipo de profesionais que traballan no proxecto.
- e) Realizar e supervisar, en coordinación cos docentes, as planificacións didácticas e as avaliaciós.
- f) Supervisar a labor educativa do persoal docente e a formación do alumnado.
- g) Organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado.
- h) Velar polo cumplimento das normas de seguridade das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumplimento de tales normas.
- i) Promoción da inserción laboral dos beneficiarios do proxecto.
- j) Facilitar de maneira individualizada información e orientación para a propia acción profesionalizadora.
- k) Poderá ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

- EXPERTOS DOCENTES:

- a) Programar os contidos do plan formativo da especialidade.
- b) Impartir os contidos teóricos e prácticos aplicando a metodoloxía didáctica axeitada.
- c) Avaliar a aprendizaxe dos alumnos.
- d) Manter a disciplina do alumnado do seu módulo, dando conta das incidencias que se produzan á dirección do proxecto.
- e) Responsabilizarse do bo uso e cuestodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- f) Poderán ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

Terceira.- CONTRATACIÓN DOS PARTICIPANTES

A entidade promotora formalizará, por escrito no modelo oficial correspondente, os contratos do persoal directivo, docente e de apoio que fose seleccionado e figure como tal nas actas do grupo de traballo mixto.

Cuarta.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Os interesados en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

a) REQUISITOS XERAIS.

1. Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden á praza convocada.
2. Posuir un bo nivel de comprensión oral e escrita.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Xefatura Territorial de Pontevedra - Sede Vigo
Servizo de Orientación e Promoción Laboral

Edificio Administrativo da Xunta de Galicia
Concepción Arenal, 8, andar 2
36201 Vigo
Sección Obradoiros de Emprego
Teléfonos: 986 817 033 // 986 817 022



UNIÓN EUROPEA

3. Estar en condicións de incorporarse ao posto de traballo na data do inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.

4. Comprometerse activamente no adecuado desenvolvemento do proxecto formativo, como medida activa de fomento do emprego.

5. Para os Directores, coñecemento da normativa que regula o programa de obradoiros de emprego

a) **REQUISITOS MÍNIMOS:** os previstos nos baremos anexos a estas bases.

A posesión destes requisitos mínimos condicionarán a admisión dos candidatos ao proceso selectivo, polo que non poderán ser obxecto de valoración posterior en ningunha das fases a desenvolver.

Baremarse, únicamente, os currículos dos aspirantes que reúnan os requisitos mínimos para cada posto.

En todo caso, os aspirantes deberán posuír os requisitos (xerais e mínimos) ou estar en condicións de obtelos na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

No caso de que non se acade o número de candidatos previsto no punto 4 da base 9^a, o equipo de selección poderá, de maneira extraordinaria e con validez únicamente para o proceso de que se trate, modificar os requisitos mínimos exixidos co fin de acadar candidatos suficientes.

Quinta.- SISTEMA DE ADMISIÓN DE CANDIDATOS: OFERTA DE EMPREGO TRAMITADA Á OFICINA DE EMPREGO.

1. O sistema de admisión de candidatos será o de oferta de emprego tramitada na correspondente oficina de emprego.

2. Dita oferta, que será elaborada polo grupo de traballo mixto e asinada polo seu presidente ou en quien delegue este, tramitarase a partir do vindeiro **25/08/17**. Esta data non será de aplicación no caso de *docentes de materias complementarias* dado que a súa oferta será presentada con posterioridade ao inicio do proxecto de obradoiro de emprego.

3. Os parámetros da sondaxe serán:

a) **Ámbito xeográfico:** Concello da entidade promotora do proxecto. De non atoparse candidatos, ampliarase a sondaxe, cos mesmos requisitos, do ámbito da oficina de emprego ata o ámbito provincial.

b) Número de candidatos a remitir: **CINCO por posto, que cumpran os requisitos mínimos e estean acreditados.**

galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Xefatura Territorial de Pontevedra - Sede Vigo
Servizo de Orientación e Promoción Laboral

Edificio Administrativo da Xunta de Galicia
Concepción Arenal, 8, andar 2
36201 Vigo
Sección Obradoiros de Emprego
Teléfonos: 986 817 033 // 986 817 022



UNIÓN EUROPEA

4. A oficina de emprego convocará os candidatos que resulten da dita sondaxe e comunicaralles a forma, lugar e prazo de presentación da documentación acreditativa dos seus méritos.

Sexta.- PUBLICIDADE DA OFERTA DE EMPREGO.

A publicación en prensa da oferta será acordada polo grupo de traballo mixto soamente naqueles casos en que así o considere oportuno.

Sétima.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección constará dunha primeira fase de valoración de méritos e dunha derradeira de entrevista persoal.

Oitava.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Os candidatos, resultantes da oferta de emprego, a participar no proceso selectivo para as prazas de personal directivo e docente das especialidades, deberán presentar a súa solicitude seguindo o modelo que acompaña a estas bases (**Solicitud**) xunto coa documentación que probe os méritos alegados, debidamente cotexada, na oficina de emprego correspondente.

Novena.- FASE DE VALORACIÓN DE MÉRITOS.

1. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o grupo de traballo valorará as recibidas xunto cos méritos alegados polos aspirantes e procederá á declaración provisional dos admitidos e excluídos.

A puntuación desta fase (indicada nos listados), de carácter eliminatorio, será un 65% da baremación.

Esta declaración provisional de admitidos farase nunha sesión que terá lugar ás nas dependencias da Xefatura Territorial da Consellería na r/ Concepción Areal, núm. 8, Vigo. Da sesión realizada estenderase a correspondente acta na que, necesariamente, figurarán os aspirantes admitidos e excluídos provisionalmente, así como as puntuacións provisionais outorgadas aos méritos alegados.

O día **13/09/17** exporase a relación provisional dos admitidos e excluídos xunto coas puntuacións outorgadas aos primeiros, nos taboleiros da entidade promotora, da xefatura territorial e nos da oficina de emprego. Nesta relación figurará o prazo que se concede para formular alegacións.

2. Rematado o prazo de alegacións, o grupo de traballo, noutra sesión, que terá lugar nas dependencias da Xefatura Territorial, resolverá as alegacións formuladas e a relación definitiva de admitidos coas puntuacións que correspondan na fase de valoración de méritos e convocara a estes



á seguinte fase de entrevista.

3. A **relación definitiva** e a **convocatoria a entrevista** publicarase o día **22/09/17** nos anteditos taboleiros.

4. Por ter esta fase de valoración de méritos carácter eliminatorio, pasarán á fase seguinte (sempre que haxa candidatos) **tres candidatos** por orde de puntuación.

M
Os posibles empates nas puntuación dirimiranse mediante a aplicación dos criterios establecidos na base décimo terceira.

5. No caso dos *expertos docentes de materias complementarias*, trala valoración dos méritos alegados na documentación presentada, os candidatos seleccionados serán convocados a entrevista para a súa valoración definitiva e a determinación de titulares e suplentes, todo isto de acordo cos criterios establecidos nestas bases.

Décima.- BAREMOS

L
Xúntanse os baremos para a selección de docentes das especialidades e persoal directivo.

Decimo primeira.- FASE DE ENTREVISTA PERSONAL.

1. Unha vez rematada a valoración da fase anterior terá lugar a entrevista persoal cos aspirantes que continúen na selección co fin de avaliar as súas capacidades persoais para desempeñar os postos de traballo que se convocan.

2. Esta fase, que con carácter xeral non será eliminatoria, valorarase de 1 ata 10 puntos, correspondéndolle un 35% da puntuación total.

3. A entrevista persoal para a selección do persoal directivo e docentes das especialidades terá lugar, *con carácter xeral*, nas dependencias do Xefatura Territorial, debendo acudir os aspirantes provistos do DNI ou documento substitutivo.

4. No caso de que todos os candidatos presentados acaden a valoración mínima, convocarase a entrevista aos seguintes candidatos por orde de puntuación, ou ampliarase a sondaxe, ata acadar algún candidato con puntuación superior á mínima en fase de entrevista.

5. Os candidatos que na data límite de inicio do novo proxecto estean prestando servizos a **tempo completo** nun obradoiro de emprego, soamente poderán ser propostos para a súa incorporación ao novo proxecto se remataron a súa relación laboral co proxecto en funcionamento, sempre por expiración do prazo máximo de duración do proxecto, antes de dita data de inicio *.

No caso de contratados a **tempo parcial** soamente poderán ser propostos para a súa incorporación ao



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Xefatura Territorial de Pontevedra - Sede Vigo
Servizo de Orientación e Promoción Laboral

Edificio Administrativo da Xunta de Galicia
Concepción Arenal, 8, andar 2
36201 Vigo
Sección Obradoiros de Emprego
Teléfonos: 986 817 033 // 986 817 022



novo proxecto cando a súa xornada laboral sexa compatible coa do novo proxecto.

Este punto 5 non será de aplicación aos *expertos docentes de materias complementarias*.

*Todo isto en aras de garantir os principios de eficacia e eficiencia, e tendo en conta que as pautas establecidas nas circulares 6/2000 e 22/2002 teñen carácter xeral, correspondendo a cada grupo encargado da selección concretar as ditas pautas atendendo ás peculiaridades dos proxectos.

6. Aqueles candidatos que, por estaren activos noutro proxecto, non poidan incorporarse na data de inicio do obradoiro de emprego, non serán convocados á entrevista, quedando pendente a realización desta fase do proceso de selección, no suposto de producirse a baixa do titular da praza con data posterior á do inicio deste proxecto, e dentro do primeiro mes do proxecto. Isto sempre que a súa relación laboral co proxecto no que se atopa en activo estea rematada, de acordo co establecido no punto 5 desta base décimo primeira.

Este punto non será de aplicación para a selección de docentes de materias complementarias.

Décimo segunda.- PUNTUACIÓN FINAL. CONTRATACIÓN.

1. O grupo de traballo, rematada e cualificada a entrevista, establecerá as puntuacións finais dos candidatos que tiveren superado a totalidade do procedemento selectivo mediante a realización da correspondente sesión.

Ditás puntuacións finais virán dadas pola suma dos puntos acadados en cada fase e determinarán a orde de prelación dos aspirantes para a súa ulterior contratación pola entidade promotora.

2. A entidade promotora estará obrigada a contratar o aspirante que, obtendo a maior puntuación final, fose proposto polo grupo de traballo.

3. As puntuacións da entrevista persoal, as finais e os nomes dos candidatos propostos para seren contratados pola entidade promotora e os dos integrantes da lista de reserva a que fai referencia a base decimo cuarta, publicaranse nos taboleiros de anuncios da entidade promotora, Xefatura Territorial e oficina de emprego.

Décimo terceira.- CRITERIOS PARA DIRIMIR EMPATES.

Para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dous ou máis candidatos en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, rexerán os seguintes criterios:

- 1.º A persoa que se atope en situación de desempregado.
- 2.º A puntuación correspondente ás titulacións preferentes.
- 3.º A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.



- 4.º A puntuación obtida no apartado de experiencia docente.
- 5.º A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- 6.º A puntuación obtida no apartado de coñecementos do idioma galego.

Décimo cuarta.- LISTA DE RESERVA.

1. Rematado o proceso selectivo, o grupo de traballo elaborará unha lista de reserva, cunha validez dun mes, integrada polos candidatos que, tendo superadas todas as fases da selección, obtiveren as seguintes mellores puntuacións finais ás da persoa proposta para ocupar a praza obxecto da convocatoria.

Esta lista empregarase para cubrir as vacantes que se produciren unha vez iniciada a prestación da actividade polo inicialmente seleccionado.

2. No suposto de que a lista de suplentes se esgotar ou que ningún dos seus integrantes estiver disponible para a súa contratación pola entidade promotora, poderase utilizar (a criterio do grupo de traballo mixto) a relación de candidatos que, tendo puntuación na fase de baremación do currículo, non fosen chamados a entrevista, proseguindo co procedemento establecido nestas bases.
3. De non haber candidatos, iniciarase un novo procedemento selectivo.
4. No caso de *docentes de materias complementarias*, a lista de reserva terá validez ata fin de proxecto.

Décimo quinta.- INCIDENCIAS E RECLAMACIONES.

1. De conformidade co previsto polo artigo 13º da orde do 29 de marzo de 2017 (DOG 10-04-2017) da Consellería de Economía, Emprego e Industria que establece as bases reguladoras da concesión de axudas e subvencións para os programas mixtos de emprego e formación, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas, aínda que a entidade promotora do proxecto formativo sexa un organismo público.
2. O grupo de traballo mixto resolverá as incidencias e reclamacións que puideren derivarse do proceso de selección, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

Vigo, 23 de agosto de 2017

Asdo.: Mª Jesús Valledor Puente

(AVLENTE POR UACACIÓN)
Asdo.: Pedro Firvida Diz

Asdo.: Nuria Cruces Cerviño

Asdo.: Lourdes González Salceda

galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Xefatura Territorial de Pontevedra - Sede Vigo
Servizo de Orientación e Promoción Laboral

Edificio Administrativo da Xunta de Galicia
Concepción Arenal, 8, andar 2
36201 Vigo
Sección Obradoiros de Emprego
Teléfonos: 986 817 033 // 986 817 022



UNIÓN EUROPEA

ANEXOS: BAREMOS